

O ESPIGONCIÑO



BRUNO 6A
2016-2017

O ESPIGONCIÑO

Este é o noso último ano no colexio. Como xa sabedes, o Nadal xa esta aquí e por iso queríavos pedir que non vos olvidedes dos que non poden ter unha festas en familia, e eses tan típicos empachos nas ceas que se dan nestas datas.

Tamén que vos acordedes das vítimas de todos os atentados e guerras, e dos seus familiares, amigos e seres queridos.

Non nos esquezamos que non todo son regalos, senón que tamén celebramos o nacemento de Xesús!, que é ese neno que naceu no portal de Belén entre unha mula e un boi, para traer paz ao mundo.

Asique, BO NADAL E PRÓSPERO ANINOVO, e que a PAZ reine nos vosos corazóns.

Pd: Espero que vos traigan todo o que querades, e moito coidado coas ceas.

Celia Fernández Pérez – 6ºA

O NADAL

O nadal é unha festa na que todo o mundo se reúne coa súa familia e hai regalos, por eso creo que é a mellor festa que hai no ano, gústame moito. Máis ben, a mellor época despois do verán; pero, o mellor de todo, é que temos moitos agasallos.

Sen embargo, os agasallos non son o mellor do Nadal, o mellor é estar coa túa familia todos xuntos no fin de ano para tomar as uvas e disfrutar dunhas festas na compañía dos seres queridos.

BOAS FESTAS DE NADAL!

Miguel López Pena – 6ºB

Debuxo da portada: Bruno Gabriel Herrera Gularte

Debuxo da contraportada: Samuel Teijido Piñón

Textos e ilustracións: alumnado e profesorado do CEIP “Manuel Fraga Iribarne” de Cariño.
Decembro de 2016.

Sumario

As viaxes de Lulo.....	5
O Magosto.....	8
Proxecto: “Así son eu”	13
Os xogos tradicionais.....	17
Banda deseñada.....	23
O traxe rexional galego.....	25
Un paseo por España	28
O Samaín	30
O Magosto.....	33
Investigamos: alimentación.....	35
Contos.....	39
Entrevista: Constantino Chao Mata.....	44
Semana dos dereitos das nenas e nenos.....	47
Proxectos.....	51
Biblioteca	54
Lecturas compartidas	58
Obradoiro.....	59
Pasatempos	61



As viaxes de Lulo.

NESTE CURSO 2016-2017 A AULA DAS NENAS E NENOS DE 3 ANOS CONVERTIUSE NUNHA GRAN FRAGA DE MOUCHOS.

UNHA NOVA MASCOSTA NOS ESTABA A AGARDAR NA AULA:

O MOUCHO LULO.

PERO NESTA FRAGA ADEMÁIS DE LULO HABITAN 23 PEQUENOS MOUCHIÑOS.




E COMO A LULO LLE GUSTA MOITO VIAXAR E COÑECER NOVOS LUGARES, CADA VENRES VIAXA NA MOCHILA DUN DOS NENOS OU NENAS DA AULA PARA VIVIR GRANDES AVENTURAS .




LULO VISITOU UN PRECIOSO LUGAR: O CABO ORTEGAL E OS AGUILLÓNS.


APRENDEU A MONTAR EN BICICLETA E PATÍNS.




E FOI POR PRIMEIRA VEZ AO CINE .



PERO TAMÉN TIVO TEMPO PARA APRENDER.



E PARA XOGAR.




ESTAS INCRÍBLES VIAXES NON FIXERON MÁIS QUE COMEZAR.
POR ISO LULO ESTÁ SEMPRE ESPERANDO A QUE CHEGUE UN
NOVO VENRES, PARA VIVIR FANTÁSTICAS AVENTURAS CUN
DOS NOSOS MOUCHIÑOS DA AULA DE 4º DE INFANTIL.

A CLASE DOS MOUCHOS

DECEMBRO 2016



O Magosto.






1E BRICK 1ANACO DE 1E PAPEL

(MANUEL)



4 PROECLI
CARTULINA DE CARTULINA
AKR EL CAR
WARRDU (OGR) CAR



1 TIRAS DE CARTULINA MAARON
1 ANACO DE LA
1 TIRAS DE PAPEL CHA ROL



(DANIEL)



2 CIRCULOS DE CARTULINA
MARRÓN
(JAIRO)

PIMIO	XOAMS	N PIO
PRIMEIRO	XOGAMOS	NO PATIO

AD 10
AOS BIRLOS
(ADRIÁN)

TO	A	AA	VERA
TIRO	AS	LATAS	



AOS CAO MIGUEL AS EIOA JUAN
ZANCOS PERINOLAS

OS MAIORD TAMN
AS OMROS N(CARLOS)
COMERON COM NOS



AO PAO OO LAIRA
T CHOCO

OS NO E NAD 6º FO DE
NEWOS NEWAS FIXERON DE
ONOE.FTDO OBSERGIO
MONITORES FIXERONO MOI BEV



**MAGOSTO 2016
 E. I. 4 ANOS (CLASE DOS OSOS)**

Proxecto: "Así son eu"

PROXECTO "ASÍ SON EU"

ESTE ANO QUEREMOS

CONECER NOS TODOS UN POUCO

MELLOR, E PARA ISO

LEVAMOS A CABO ESTE

PROXECTO ONDE APRENDEMOS

COUSAS DE NOS MESMOS E DOS NÓSOS

COMPÑEIROUS.

DURANTE SEMANAS

ESTIVEMOS COMPROBANDO

CANTO MEDIAMOS, O QUE

PESÁBAMOS, CALERA A NOSA

DIRECCIÓN, OU CON QUEN

NOS GUSTABA XOGAR NO PATIO.



TAMÉN FALAMOS DAS

NOSAS COMIDAS FAVORITAS


OU DO QUE NOS

GUSTABA FACER COA NOSA.

FAMILIA, COMO ERA A NOSA CASA ...



FIXEMOS RETRATOS DE
OUTONO E DEBUXAMOS A NOXA MESTRA.
PASÁMOLO MOI BEN APRENDENDO
COUSAS NOVAS.



6º E.I.

Os xogos tradicionais.

ASÍ XOGAMOS OS MENOS E NENAS DE 1º OS XOGOS TRADICIONAIS NA ESCOLA

Nome: A chave de madeira

Lugar de xogo: no patio

Material necesario:
As chaves

Organización:
En filas

Reglas: Temos que tirar un bloco de madeira e golpear achoupe



Nome *Os zancos*


Lugar de xogo *No patio*


Materiais necesarios
Os zancos

Organización *Individual*

Reglas *Hai que zulleirse nos zancos e andar sen caerse*

Debuxo





Nome Brile

Lugar de xogo _____

Material necesario unha pelota

Organización Dous equipos

Reglas
Colocamos os equipos en dúas filas
Un neno lanza a pelota e ten que
golpear a un do outro equipo
Perde o equipo que se queda sen xogadores.

Debuxos



Nome: O pano

Lugar de xogo: patio


Material necesario:

un pano

Organización: dous equipos

Reglas: Fanse dous equipos, cada xogador ten un número. cando a nai di un número os xogadores que teñen ese número corren a colle-lo pano. Gana o que consegue levar o pano

Debuxo:





PASÁMOLO TAN BEN QUE DECIDIMOS PREGUNTAR ÁS NOSAS FAMILIAS SE COÑECÍAN MÁIS XOGOS E ASÍ APRENDIMOS TODOS ESTES IIIII

Capella de sacos





Ao Encontro






A pita cega



Alumnas e alumnos de 1ºA

OS XOGOS TRADICIONAIS



O día 10 de novembro foi un día especial para todos no colexio porque se celebraron a xornada de "Xogos tradicionais" e a festa do "Magosto".

Todos o pasamos estupendamente xogando aos birlos, ao brilé, os zancos, á mariola, ao pano, á corda, as buxainas...

Para todos estes xogos tivemos uns monitores especiais, que foron os alumnos e alumnas de 6º curso de primaria. Gracias á súa colaboración e axuda se levou a cabo e con éxito esta xornada especial, recordando os xogos tradicionais aos que xa xogaban os nosos avós.



Banda deseñada.



Gústanos..!!

Son moi divertidos os debuxos animados de "La Pantera Rosa". Non hai moito tempo que os descubrimos. Os nosos pais e algúns avós e avoas, xa os vían cando eran nenos e nenas. De feito, existen dende hai 53 anos.

A pantera é a protagonista, xunto con outros tres personaxes: o inspector Clouseau, o seu axudante Dodo, e un homiño pequeno branco e con bigote que se leva moi mal coa Pantera Rosa.

Viven aventuras disparatadas, e loitas de poder cheas de ironía que nos fan rir e pensar sobre como nos comportamos as persoas. Sempre chegan a solucións moi graciosas e orixinais.



Así son..



Pantera Rosa

- Elegante
- Presumida
- Silenciosa
- Alegre
- Astuta
- Irónica




Inspector Clouseau

- Fachendoso
- Figurón
- Torpe
- Cómico
- Malhumorado



Axudante Dodo

- Leal
- Despistado
- Miñaxoia
- Hábil
- Resolto



Home baixiño branco

- Obstinado
- Contrariado
- Loitador
- Desconcertado
- Turrón

Alumnos e alumnas de 2ºA

O traxe rexional galego.

Para facer o calendario anual, algúns dos/as alumnos/as de 3º, aportaron información e debuxos sobre o traxe rexional galego e os gaiteiros.

OTRAXE REXIONAL GALEGO.

Galicia conserva a tradición do traxe rexional galego, que hoxe en día é usado especialmente en actos folclóricos.


A vestimenta rexional usábase os campesinos ata principios do século XX. A súa orixe e deseño estiveron influenciados polo clima, de maneira que se cubrían cunha prenda añadida (homos e en ocasións mulleres) que era unha orixinal capa de palla chamada corosa.

Na aldeas vestían sempre o traxe correspondente á súa rexión, aquel que idearon os seus antepasados.


Cabe destacar que existen variedades locais do mesmo traxe, así como un traxe para as tarefas tradicionais e outro de gala.

Como complemento moi antigo hai que citar a clásica monteira con borlas, cando as borlas se colocan á dereita indican que o portador é solteiro, se van á esquerda é casado.


Traxe rexional galego masculino.



Traxe rexional galego feminino.



HUGO PEGO GALDO 3ºA



Según a zona de Galicia e o clima, os traxes poden variar de feitura e materiais.

A gaita é un dos instrumentos máis representativos da música tradicional galega, e, con ela, os gaiteiros.





A muiñeira é a danza popular de orixe galego. Cántase e báilase ao son das gaitas, pandeireta, tamboril, pandeiro, bombo, ás veces acompañado de cunchas, etc.



Alumnas e alumnos de terceiro

Un paseo por España

Os alumnos e alumnas de cuarto curso imos facer unha viaxe por algúns dos lugares máis emblemáticos do noso país, visitaremos varias cidades. Queredes acompañarnos?

Santiago de Compostela

Bilbao


Barcelona

Madrid

Zaragoza

Toledo

Valencia



Sevilla

Granada

Sevilla

Se viaxades a Sevilla non deixedes de visitar á Xiralda, que é a torre do campanario da Catedral. A orixe da torre da Xiralda é musulmana, xa que era parte da antiga mezquita.




Granada



Cando se vai a Granada, un non debe perderse de visitar A Alhambra, que é unha antiga cidadela da época musulmana que ten edificios e lugares tan fermosos como os pazos nazaríes, o pazo de Carlos V, o Xeneralife, xardíns...

Valencia

En Valencia, ademais da celebración das Fallas (19 de marzo), un dos máximos atractivos é a Cidade das Artes e as Ciencias, que a conforman varios edificios modernos que son museos, acuario, salas de música e teatro.



Madrid

Na capital de España hai moito que ver e visitar, pero sen dúbida un dos seus maiores atractivos é o Museo do Prado e todos os tesouros que garda, como as Meninas de Velázquez.




Toledo

En Toledo toda a cidade antiga é un museo de historia. O lugar que non se pode esquecer un de visitar é a súa Catedral de Santa María, xa que alberga auténticas xoias de arte no seu interior.



Zaragoza



Se visitades Zaragoza non vos esquezades de parar na Praza do Pilar e entrar á Basílica do Pilar, situada a carón do río Ebro, xa que é sen dúbida a zona máis emblemática da cidade.

Barcelona

En Barcelona atópase un dos lugares máis visitados do país, O Templo da Sagrada Familia deseñada polo arquitecto Antoni Gaudí, que morreu deixando a obra inacabada.



Bilbao



Na cidade de Bilbao se hai unha obra que destaca pola súa singularidade e espectacularidade, esa é o Museo Guggenheim. O edificio foi deseñado polo arquitecto Frank Gehry; un dos materiais que se utilizou na súa construción foi o titanio.

Santiago de Compostela



A cidade de Santiago de Compostela é o final do Camiño de peregrinación; a onde chegan todos os peregrinos é á Praza do Obradoiro. Alí un atópase ao pé da Catedral do apóstolo; dentro da catedral pódese abrazar ao Santo e pódese ver voar ao Botafumeiro.

Alumnos e alumnas de 4ªA

O Samaín.

O SAMAIÍN

Este ano no colexio celebramos o Samaín a semana do 24 ao 28 de outubro. Entre as actividades programadas para esa semana tivemos:

- Concurso de cabazas
- Certame de historias de medo
- Decoración terrorífica do colexio

CONCURSO DE CABAZAS

Organizouse un **concurso – exposición de cabazas** decoradas. Neste certame participaron case a metade do alumnado do colexio. O alumnado e as familias fixeron un traballo espectacular e estivo moi difícil escoller gañadores.

Podíase participar en dúas categorías: a máis **terrorífica** ou a máis **orixinal**.



Así o vestíbulo do colexio encheuse de cabazas decoradas: morcegos, vampiros, arañas, espantallos, monstros, cabazas xigantes, cabazas con luces, cabazas con chuches...



No concurso quedaron gañadores:

- Na categoría de cabaza máis terrorífica: Naiara Pego Schena de 4º A coa cabaza " **A noiva cadáver**".
- Na categoría de cabaza máis orixinal: David Villar Fragueta de 5º A coa cabaza " **Nautilus**".



Desde as páxinas do noso xornal escolar dámoslles os parabéns aos gañadores e a todos os participantes. Temos grandes artistas!

DECORACIÓN TERRORÍFICA

Entre todos os alumnos do colexio, cos nosos murais e outras obras plásticas, decoramos os corredores e as aulas dun xeito terrorífico:



Pantasma, vampiros, zombies, arañas ... axegan en cada recuncho dos corredores. E as pegadas dun monstro nos leva á Biblioteca.

O Magosto.

O MAGOSTO



Despois dos xogos necesitabamos repoñer forzas e enerxía; para iso tomamos unhas deliciosas castañas asadas e un batido!



Témoslles que dar as grazas un ano máis aos asadores Tono e Juan, polo traballo ben feito.

Cada clase fixo o seu recipiente para as castañas e tamén fixemos un pin conmemorativo desta data:





Investigamos.


“ENDULZANDO CARIÑO”

Desde a clase de 6ºB, quixemos que o noso traballo para o Espigonciño se centrara na investigación. Deste xeito, cada un de nós fixo unha primeira tarefa individual de búsqueda de fontes de interese e recollida de información. Unha vez feito isto, chegou o momento de poñelo en común cos demais compañeiros e compañeiras. Esta foi unha das partes máis complexas, xa que saíron temas moi interesantes e resultounos difícil escoller. Despois dun amplo debate, comprobamos que unha maioría da clase centrárase no mundo das **receitas**, e máis concretamente en receitas **doces!** por iso todos estivemos dacordo en que ese sería o noso tema, a **repostería**. Paso a paso, ingrediente a ingrediente, fomos sentindo o noso traballo como propio, todos somos un, todos puxemos o noso gran de area. Pero, fomos un paso máis alá, dentro deste tema, afondamos investigando sobre as persoas **celíacas**, xa que é un tema que nos interesa e vivimos de cerca cunha compañeira, non hai mellor motivación que esa! neste punto, xurdiu a necesidade de saber qué entendemos por produtos saudables, qué cantidades debemos ou podemos inxerir e qué consecuencias ten a nosa alimentación no noso benestar. Por iso nos pareceu axeitado compartir con vós a **pirámide dos alimentos**, a base que todos deberíamos saber. O título deste traballo estaba claro: sendo do concello máis agarimoso que existe, Cariño, e sendo os doces símbolo de cariño e amor en infinidade de ocasións, non podía ser outro que “Endulzando Cariño”. Disfrutade do noso traballo como nós o fixemos, e, por suposto, poñédeo en práctica!!!

MUGCAKE TRIPLE CHOCOLATE

Ingredientes:

2 culleradas de manteiga a temperatura ambiente
40g de chocolate negro troceado
1 ovo mediano
2 culleradas de leite semidesnatada
3 culleradas de azucre branco
3 culleradas de fariña



Elaboración:

primeiro preparo a ganache de chocolate. Poco 4 culleradas de nata nunha taza e quento no microondas durante 30 segundos, ata que casi acade o punto de ebullición. Engado o chocolate troceado fino e remexo ata que se derrita a mezcla e adquira consistencia homoxénea. Deixa que se enfríe e se espese.

Consellos:

Canto máis tempo deixe repousar a ganache máis se espesará, debe vixialo.
Ingredientes para a ganache: 6 culleradas de nata para montar, 50g de chocolate negro.

MAGDALENAS DE SEGUNDA



Ingredientes:

3 ovos
3 pocillos de leite (pocillos de café)
9 pocillos de fariña (pocillos de café)
3 pocillos de aceite (pocillos de café)
Moldes de magdalenas
1 sobre de levadura
1 pizca de sal
3 pocillos de azucre (pocillos de café)


Elaboración:

Mezclar todo coa batidora
Botar a masa nun molde para magdalenas, ter o forno previamente quente a 180°C.
Poñer todo ó forno e listo.

TARTA DE QUEIXO

Ingredientes:

200g de galletas chips ahoy!
 200g de queixo philadelphia
 200g de crema de leite
 11 g de xelatina sen sabor
 50ml de auga
 5 culleradas de marmelada para a cobertura
 1 pouco de esencia de vainilla
 150g de manteiga
 ¡Podes engadirlle o que queiras!



Elaboración:

Poñer a xelatina en auga fría. Quentar o leite nun cazo a baixa temperatura. Cando rompa a ferver retírala do lume e engadir a xelatina. Remexer ata que se disolva de todo e deixar enfriar. Batir o queixo co azucre. Engadir o extracto de vainilla e voltar a mezclalo todo. Botar o azucre avainillado e a nata e montala. Engadir o leite coa xelatina a mezcla de queixo e mezclalo. Engadir a nata. Repartir a mezcla no molde intentando alisala e intercalando coas galletas troceadas. Deixar repousar toda noite na neveira.


TORTA CASEIRA

Ingredientes:

200g de fariña
 50g de azucre
 1 taza de leite
 1 cullerada sopeira de mel
 1 cullerada pequena de bicarbonato

Elaboración:

Colocar os ingredientes nun bol e traballalos ata formar unha masa homoxénea.
 Por último para rematar coa preparación desta tarta, teríamos que untar un molde con manteiga, botar nela a masa procurando que non quede cheo (a 2-3 cm do borde) e cocelo a forno moderado.



Sabemos máis sobre os celíacos

Que é? A celiacuía, é a intolerancia permanente ó gluten de trigo, cebada, centeno e probablemente avena.

Que é o gluten? É unha proteína que se atopa na semilla de cereais. O gluten carece de valor nutricional, pero téñ un alto valor tecnolóxico, é o responsable da elasticidade da masa de fariña, contando a consistencia esponxosa de pans e masas forneadas.

Síntomas? Dolor estomacal, diarreas e vómitos.

Nos nenos/as é frecuente atopar defectos no esmalte dental, anorexia e pelo fráxil.

Na adolescencia, menarquía tardía, cefaleas ou estriñimento.

Como se diagnóstica? A través dun examen clínico e unha analítica de sangue, a pesar de que é efectivo en moitos casos, non sempre é posible determinar a patoloxía só con eles é necesario recurrir a unha biopsia intestinal.

Cal é o tratamento? Non necesitan medicación, basta con unha dieta libre de gluten.

É hereditaria? Ata agora a forma de herencia xenética segue sen coñecerse con precisión.

Que se pode comer? A grandes rasgos de maneira xeralizada, os celíacos poden comer sen problemas alimentos frescos (carne, pescado, leite, ovos, froitas e froitas secas).

Que non se pode comer? Deben evitar (pan, pasta y produtos derivados do trigo, centeno e cebada).

Alimentos cos que extremala precaución: caramelos e lambetadas, sucedáneos do chocolate el café, embutidos(choped, salchichas, morcilla, chourizo, mortadela, etc), patés, salsas, condimentos colorantes alimentarios, xeados, bebidas de máquina, hamburguesas preparadas, queixos de untar con sabores, queixos especiais para pizza e froitos secos tostados ou fritos.

Como sei se un alimento téñ gluten? Debemos ler as etiquetas dos alimentos que mercamos (non frescos) inda que sexan de consumo habitual. En caso de dúbida, sempre mellor non consumir o produto.

Pode un celíaco facer vida normal? Os celíacos poden levar unha vida completamente normal, si se segue estritamente a dieta sen gluten.

COPA DE 4 SABORES




Ingredientes:
 10 galletas María sin gluten
 200g de chocolate blanco sin gluten
 100g de chocolate negro sin gluten
 100g de chocolate con leche sin gluten
 3 cucharadas de azucre
 50g de manteiga
 7 láminas de xelatina neutra

Elaboración:
 Troceamos galletas e mezclamos con manteiga un pouco quente. Será a base no fondo do molde. Mezclamos cada chocolate coa parte proporcional de leite ó baño maría e engadimos unha cullerada de azucre. Por último poñemos a xelatina.

BUNDT CAKE SEN GLUTEN


Ingredientes:
 180g de manteiga
 240g de chocolate sen gluten
 6 ovos
 240g de azucre
 sobre pequeno de levadura
 125g de améndoa molida
 75g de semillas molidas de liño
 extracto de vainilla
 125g de láminas de chocolate con leite
 125g de chocolate branco
 12 amorodos



Elaboración:

Forno a prequeantar a 180º.
 Nun bol poñemos a derretir no microondas 180g de manteiga e 240g de chocolate negro de alomenos 70% de cacao.
 Nun bol batimos 6 ovos, engadimos 240g de azucre, un sobre pequeno de levadura, 75g de semillas molidas en liño, 125g de améndoa molida e esencia de vainilla.
 Unha vez que esté todo ben batido engadimos a manteiga co chocolate que tiñamos desfeito con anterioridade, mezclamos todo.
 Unha vez mezclado, engadimos 125g de lágrimas de chocolate con leite.
 Utilizamos un molde, untamos con manteiga e vertemos a masa no seu interior.
 Metémolo no forno 45' minutos.
 Cando esté frío tocará decorar.
 Utiliza uns amorodos para decorarlo, e desfai unha tableta de chocolate branco e bótallo arriba.

E xa para rematar, tal e como vos anunciamos ao comezo deste traballo, queremos compartir con vós a **PIRÁMIDE DOS ALIMENTOS**. Dita pirámide é a base para unha alimentación sá e equilibrada e por iso nos parece fundamental que todos a coñezamos. Despois de analizada cremos que se basa no sentido común, pero é moi habitual que moitos de nós non a cumpramos. Todos sabemos que é fundamental o consumo diario de froitas e verduras (grazas por exemplo a anuncios como aqueles que nos recordaban que debíamos consumir cinco pezas ao día) con todo, xa sexa por gustos persoais ou por falla de tempo, no noso día a día tendemos a consumir outro tipo de produtos menos saudables.



Como conclusión final, gustaríanos que este traballo non quedase só niso, sendo un traballo para o noso xornal, senón que funcionase como unha verdadeira concienciación para todo aquel que nos lera. Ó fin e ó cabo trátase de coidar a nosa saúde, o noso ben máis prezado. Ademais, non podemos poñer excusas, xa que vivimos nunha terra rica en produtos de calidade, **GALICIA**.

Alumnas e alumnos de 6º B

Contos.

RELATOS TERRORIFICOS

INFANTIL 3 ANOS

"O FANTASMA NICOLÁS"

Había unha vez un fantasma que se chamaba Nicolás.
Nicolás poñíase moi enfadado porque non viña ao "cole".
Pero un día, por fin, chegou á clase dos bufos a visitarnos.
Non nos deu medo porque era un fantasma bo, aínda que ás veces era un pouco traste porque nos apaga o ordenador, pon cara de enfadado se berramos, pecha os contos cando falamos e apáganos a luz.
Ás veces tamén vai ás nosas casas e durme con nosoutros, pero non lle temos medo porque Nicolás é o noso amigo.
E colorín, colorado este conto fantasmal está rematado.

Clase dos bufos. 3 anos.



INFANTIL 4 ANOS

"O MONSTRO"

Había unha vez un monstro con dentes afiados, ollos desorbitados e boca grande sempre aberta. Este monstro vivía nunha casa encantada cunha bruxa, unha pantasma, unha araña, un morcego e un vampiro.

Un día unha cabaza que estaba na horta preto da casa veu vir un dinosauro herbívoro e escapou rodando para a casa encantada. Alí a bruxa converteuna en ra.

O vampiro cando veu a ra chipoulle o sangue e matouna.

O dinosauro entrou na casa encantada e asustouse coa pantasma e co morcego, caeu nunha pota fervendo e botou un peido fétido.

A araña para que non entrase ninguén máis fixo a súa tea de araña na porta. Pero o monstro rompeu a porta e saiu para asustar a todos os nenos e nenas do pobo.

E colorín colorado este conto está rematado.



Clase dos ósos. 4 anos.

INFANTIL 5 ANOS

“A BRUXA BRUXEIRA”

A Bruxa Bruxeira estaba no seu



facendo unha pócema que levaba



, tamén




e



Entón a pota explotou e pócema caeu por todo o



A  abriuse e entrou o zombie que lle quería comer a pócema para perder a memoria..

Pero Bruxeira convenceuno para que volvese á



A clase dos polbos. 5 anos.

EDUCACIÓN PRIMARIA - 1º A

“A CIDADE MONSTRUOSA DE CARIÑO”


Había unha vez nunha casa uns nenos que non tiñan comida. De súpeto alguén abriu a porta.

Apareceu un señor que traía larpeiradas.

O home deixou as chuches e foise. Cando saiu pechouse a porta.

Os nenos comeran as gominolas e convertéronse en monstros que atacaron á xente da cidade e queimaron as casas.

Así a cidade desapareceu e converteuse nunha cidade de monstros chamada Cariño.



EDUCACIÓN PRIMARIA - 2º A

“AS CABAZAS MUTANTES”

Unha noite de lúa chea, uns nenos ían camiñando polo bosque.

Era a noite do Samaín e ían disfrazados de zombies.

Ese bosque estaba habitado por cabazas mutantes que se convertían en monstros de moco. O moco tiña un efecto paralizante: os zombies quedaban coma se foran estatuas. Vendo isto, o alcalde do concello decidiu facer un parque temático sobre zombies.

Chamáronlle “Zombigal”, e cada día o visitaban cincocentas persoas.



EDUCACIÓN PRIMARIA - 3º A

“A INVASIÓN DOS EXTRATERRESTRES”

Era unha noite de Samaín tranquilo, cando de súpeto oíron un ruído que viña do ceo.

Era unha nave espacial. Todos quedaron coa boca aberta, nunca viran nada parecido!

A nave aterrou. Abriuse unha porta e saíu un extraterrestre que dixo: - Terrícolas vimos a destruír o voso planeta. Logo cerrouse a porta da nave, elevouse no aire e empezou a disparar raios láser.

A xente aterrada chamou ao exército. Cando chegou o exército disparou á nave cos tanques.

Finalmente a nave caeu ao chan e o planeta quedou a salvo.



Mateo Vila Posada

EDUCACIÓN PRIMARIA - 4º A

“EXCURSIÓN ACCIDENTADA”

Un día unha familia foi de acampada ao deserto. De súpeto o coche quedou sen gasolina. Empuxaron o coche ata unha gasoleira en ruínas onde vivían un home e unha muller moi estraños.

Os donos da gasoleira convidounos a cear e eles aceptaron. Pero cando era a hora da cea o home apareceu cunha motoserra, e tamén cavara cinco buracos no xardín traseiro. Entón acercouse máis a eles.

Asustáronse moito e escaparon da casa.


Pero era o deserto e non había a onde ir.

Felizmente descubriron ao final que a serra

era para cortar leña, e os buracos no chan eran para poñer uns postes no xardín.

Despois de todo disfrutaron dunha cea con pizza convidados pola parella solitaria da gasoleira.

Alejandro Ramos Crego



EDUCACIÓN PRIMARIA - 6º B

“A BONECA DE PORCELANA”

Érase unha vez unha nena que vivía cos seus pais. Un día a nai conseguille unha boneca de porcelana. Tróuxoa para casa e deixouna nunha estantería.

Ao día seguinte a nena viu que a boneca tiña outra posición. Non lle deu importancia. Outro día mais a boneca tiña outra posición, e así sucesivamente día tras día.

A nena preguntoulle á nai se ela cambiara a boneca de posición, pero a nai non tocara á boneca. Despois preguntoullo ao seu irmán e ao seu pai, que tamén dixeran que non tocaran a boneca.

Entón pensou que podía ser unha broma.

Pola tarde veu unha amiga de visita á casa. As dúas eran bailarinas, así que pediulle á amiga que a gravara. Cando mirou a gravación, viu que a boneca se movía coa música.

Saíu correndo aterrada. Cando chegaron os seus pais contoulles todo e decidiron tirar a boneca ao lixo.

Jesica Sedes

EDUCACIÓN PRIMARIA - 6º A

“A MALDICIÓN DA PATACA PODRE”

Érase unha vez unha nena que estaba axudando a cociñar ao seu pai. Púxose a pelar patacas e ao cortar unha pola metade descubriu que estaba podre. Preguntoulle ao seu pai se a seguía cortando ou a tiraba. A nena, aínda que o pai lle dixera que a tirara, decidiu seguir cortándoa porque lle daba pena. Pero cando acabou de pelala e cortala, aínda con tristeza, tirouna.

A pataca con sentimentos, sentía tristura, rabia e desprecio. Pero tamén sentiu un chisco de vinganza.

Cando a nena e o pai remataron de facer a cea, foron chamar ao seu irmán e á súa nai; a pataca aproveitou para meterse no prato da nena.

Con todos xa na mesa, comezaron a comer. A nena masticou a pataca, sentiu algo riquísimo; moi, moi rico. Ata o dixo en alto! Seguiu comendo sen decatarse de nada.

Despois de cear foi ao baño; doíalle un pouco a barriga. Lavou os dentes, e nos restos da cea decatouse de que comera a pataca podrida.

Quedou pensando de todo o que pasara: pensou que podería morrer... Que cousa máis horrible e triste!

Pero ao final, por sorte, non lle pasou nada. A maldición da pataca podre seguiu un día tras día. Ata que aprendeu a apreciar as cousas sinxelas.

A maldición seguiu polo Samaín para facer á xente mellor. Celia Fernández Pérez



Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar.

Entrevista: Constantino Chao Mata



“Chámome Constantino, pero en Betanzos todo o mundo me chama Tino, e en Cariño, onde fun profesor no Instituto desde 1982 ata 1993, coñécenme como Constan. Se preguntades nas vosas casas probablemente os vosos pais, nais ou algún parente terá sido alumno meu.”

Así comezaba a nosa interesante conversa con **Constantino Chao Mata**, Catedrático de la Lengua e Literatura Española, vicepresidente da Asociación de Amigos do Camiño, pero sobretudo peregrino.

1.-Cantos anos estiveches dando clase en Cariño?

Once

2.-Por aquel entoces xa tiñas a idea de facer O Camiño?

Si. Desde os anos 70 xa me bulía esa idea.

3.-Agora es o vicepresidente pero, canto hai que estas na Asociación de Amigos do Camiño?

Desde o ano 1996, despois de facer o meu primeiro “gran “ Camiño.

4.-Como chegache a ese posto?

Pola confianza depositada en min polo presidente e supoño que porque veu en min a un auténtico apaixonado.

5.-Que actividades facedes e organizades na asociación?

Sinalizar con frechas mareas, labours de limpeza, publicación dunha revista, organización de congresos, conferencias, mesas redondas e sobre todo denunciar todo aquilo que vexamos de malo nos Camiños.

6.-Que te motivou a facer tódalas rutas do Camiño?

Unha vez que empezas polo Camiño Francés, que é o máis auténtico, antigo e cheo de historia, étrache a curiosidade por coñecer todos demais.

7.-Fixeches so os camiños oficiais ou tamen os non oficiais?

Non lles chamemos “oficiais”, senon “históricos”, é dicir que hai datos sobre eles desde hai séculos.

Pois non fixen so os históricos, fixen tamén nunha ocasión o Camiño desde Madrid, que entronca na provincia de León co Francés.

8.-Cal foi o primeiro Camiño que recorreches?

En 1971 con un grupo de amigos, desde Betanzos; pero non o consideroo como tal, xa que foi pola estrada, só 58 kms e nunha soa noite. O auténtico primeiro, en 1996 desde Roncesvalles (Navarra)

9.-Fixeches os camiños so ou acompañaado? Por que?

Empecei só, pero deseguido fixen amigos, e máis en concreto, unha amiga, alemana, Meh Höpel, falecida hai cinco anos. Con ela fixen tódolos demais ata 2001, e ela segue a “acompañarme” non física pero si mental e espiritualmente desde que finou. Antes de morrer pediume que pousara en cada un dos Camiños una pedriña co seu nome, e así o fixen.

Gústame máis camiñar só porque así podes ir ao teu propio ritmo e facer as paradas que che apetezan. Nembargantes tamén é agradable camiñar algunos kilómetros en compañía.

10.-A que hora te levantas nos albergues para empezar a camiñar?

Depende. No verao haise que erguer cedo para camiñar coa fresca. Cando fixemos A Plata, desde Extremadura en 2001 tiñamos que erguermos ás catro da máñá e camiñar só ata as doce, por mor da calor que iba a partir desta hora, imposible de soportar. Nas outras estacións chega con facelo a partires do mencer. É perigoso camiñar de noite, sobre todo por pistas abertas ao tráfico ou estradas.

11.-Cal foi a túa comida favorita ó longo dos diferentes camiños?

Unha das cousas boas do Camiño é que podes degustar tódalas especialidades das distintas comunidades polas que discurre; así teño moi bons recordos da chistorra Navarra, do gazpacho extremeño, do xamón salmantino, dos embutidos leoneses, dos viños..., pero como en Galicia non se come en ninguna parte.

12.-Cantos quilos, e que levas normalmente na mochila?

Non se debe levar un peso superior ao dez por cento do peso corporal. Peso 75 kgs, así que procuro que non pase dos 8 kgs.

13.-Lembrando al tua última ruta, cantos días che costou facer a Via da Plata?

Sáin de Mérida o día 4 de outubro e cheguei a Santiago o día 29, polo tanto 25 días en total. Fixen máis ou menos una media de 27 kms diarios. O día que máis fixen foron 38 e o que menos 14.

14.-Que características ten que a fai ser unha das máis difíciles?

Hai grandes distancias, ata 20 kms sen pobos nin auga, polo que é preciso carregar con alomenos 3 litros para non deshidratarse, e tampouco abundan as sombras, sobre todo en Extremadura e Salamanca.

15.-Atópanse a moitos extranxeiros facendo o Camiño?

Si. Actualmente son maioría. Neste meu último Camiño, cáse que era eu o único español; en moitos albergues, o único. Atopei alemáns, franceses, italianos, brasileiros, canadenses, eslovacos, luxemburgueses, belgas, ingleses... Ven moi ben para practicar idiomas.

16.-E xa para rematar, gustaríanos saber a todos a túa opinion sobre cal e a vía ou camño mais bonito.

Cada unha ten os seus atractivos, porque as paisaxes son moi variadas: os Pireneos, a Meseta castelá – leonesa, as dehesas extremaeñas, as fragas galegas. Se tivera que escoller una paisaxe concreta e especial esa sería a do estuario do río Esla, en Zamora, lugar ao que non se pode acceder en coche por ser unha paraxe protexida.

Antes de despedirme, gustárame deixarvos un poema que leín nun muro cerca da localidade de Nájera (La Rioja) e que expresa moi ben o sentir dos peregrinos modernos, unha mestura de relixiosidade, tradición, misterio, cultura, aventura e curiosidade.

E animarvos a que algún día vos lancedes ao camiño coas botas da aventura e a mochila das ilusións!

Polvo, barro, sol y lluvia
es el camino de Santiago
millones de peregrinos
y más de un millar de años.
Peregrino, ¿quién te llama?
¿qué fuerza oculta te atrae?

No es el camino de las estrellas
ni las grandes catedrales.
No es la bravura Navarra

ni el vino de los Riojanos
ni los mariscos gallegos
ni los campo castellanos.
Peregrino, ¿quién te llama?
¿qué fuerza oculta te atrae?

Ni las gentes del camino
ni las costumbres rurales.

Ni es la historia y la cultura
ni el gallo de la Calzada
ni el palacio de Gaudi
ni el castillo de Ponferrada.
Todo lo veo al pasar
y es un gozo verlo todo,
más la voz que a mi me llama
lo siento mucho más hondo.

La fuerza que a mi me empuja
la fuerza que a mi me atrae
no se explicarla ni yo,
sólo el de arriba lo sabe.



Alumnas e alumnos de 6º A

Semana dos dereitos das nenas e nenos.

O equipo ACE en colaboración coa educadora familiar do Concello de Cariño, da mestra especialista en lingua inglesa, e resto dos compañeiros, levou a cabo as seguintes actividades:

- Elaboración duns **carteis** con verbas en galego e inglés, que desexamos desterrar da nosa escola, que se foron colocando nas escaleiras e corredores.



- **Visita da educadora familiar** polas distintas aulas do centro para abordar o tema do "Acoso escolar", utilizando láminas, vídeos e outros recursos.



- Ademais, nas aulas de primaria asinamos un **contrato de compromiso para parar o "bullying"**:

O MEU COMPROMISO

Eu podo deter o maltrato involucrándome dalgunhas formas específicas.

Aquí está o meu compromiso:


- Non me quedarei en silencio** cando vexa a unha nena ou neno que estea sendo humillado ou magoado. **Direi algo**. Vou falar sobre acoso cos meus amigos e amigas e coas persoas adultas que forman parte da miña vida, para todo o mundo saiba que eu creo que molestar a outras persoas está mal.
- Defenderei**. Vou defender a outras persoas que poderían necesitar a miña axuda, non soamente aos meus amigos e amigas máis próximas. Non vou quedar en silencio cando alguén estea recibindo maltrato.
- Serei un modelo a seguir**. Coas miñas accións cotiás, vou demostrar que **podemos convivir na miña escola resolvendo os nosos conflitos de forma pacífica**. Non vou maltratar ou excluir a **ninguén**, nin vou contar rumores en persoa ou a través do meu teléfono ou ordenador.

Parar o acoso comeza comigo. **Firmar este pacto** pode cambiar a miña vida e a doutra persoa de maneira significativa. Voulo reenviar aos meus amigos, amigas e familiares para axudar a construír unha **comunidade comprometida con poñer fin ao acoso. Non vou quedar en silencio!**

- Confección dunha **mascota** dos Dereitos, de nome "**Dereitín**" que cada día da semana nos foi ensinando un dereito diferente.



- Realización duns **Murais Colectivos** onde coa axuda de fotos dos nenos, recollimos os “Dereitos” que temos no cole.



- **Lembranza nas aulas dos Dereitos e Deberes dos alumnos** que están **recollidos no NOF** (documento onde se recollen as normas, organización e funcionamento do centro).



- **Interpretación dos alumnos de 6º dunha canción en lingua inglesa sobre os Dereitos dos nenos o alumnado de Infantil.**




Equipo ACE

Proxectos.

PROXECTO DE CORRESPONDENCIA, 3º E 4º E.P.:

Este curso o alumnado de 3º e 4º comezamos un pequeno proxecto de intercambio de correspondencia cos nenos e nenas do CPI San Sadurniño.




Na nosa primeira carta, non sabíamos quen sería o noso destinatario, pois aínda non nos coñecíamos.



Para comezar, presentámonos e describímonos físicamente e contámoslles os nosos gustos e afeccións.

Leváronse persoalmente ao colexio de San Sadurniño, e as mestras repartiron aleatoriamente as cartas. Como son máis nenos/as que nós, algunhas cartas foron por duplicado para que todo o alumnado recibira unha.



Tras unhas semanas de espera, chegaron as ansiadas respostas!!

Algunhas cousas curiosas que puidemos saber foron, por exemplo, que algúns nenos/as tiñan familia en Cariño, e que tiñamos bastante cousas en común!

Xa nos respondían directamente a cada un de nós, presentándose e compartindo con nós as súas preferencias e afeccións.



Alumnado de 3º amosando as súas cartas

Alumnado de 4º coas cartas recibidas





Antes do Nadal, recibirán a nosa segunda carta, na que lles falamos sobre a nosa familia e o lugar onde vivimos. Tamén lles enviaremos unha pequena felicitación de Nadal.

Máis adiante, temos pensado cartearnos en inglés tamén!

E seguiremonos contándolles cousas interesantes que nos pasen nas vacacións; usando tamén o ordenador, e probablemente, unha videoconferencia por "Skype"!

Ademais, de poder facelo, gustaríanos levar algunha das cartas a un buzón de Correos, ou á oficina que hai no noso pobo.

Ao final deste pequeno proxecto, temos intención de coñecernos nun "punto" intermedio para compartir todo o que levaremos tempo contándonos...



Aulas de 3º e 4º E.P.

Biblioteca.

BIBLIOTECA



Se queres aventura,
lánzate
á lectura.

*Inicio de curso 2016/2017

-Petición de colaboradores entre o alumnado de 4º, 5º e 6º de EP. As quendas son semanais e cada unha está formada por un alumn@ de 4º, un alumn@ de 5º e dous de 6º de EP.

-Estase levando a cabo algún cambio nas funcións da biblioteca (Apoio Tecnolóxico, Hospital de Libros), que se irán explicando a medida que se poñan en marcha.

-Todos os luns expóñense, no primeiro descanso das escaleiras, os nomes d@s colaboradores que se farán cargo das funcións asinadas nos períodos de lecer. Tamén se reparte un anuncio por nivel para ter na clase.

-O papel para a solicitude de sesións para utilizar a biblioteca está colgado na porta da Biblioteca.

* Día da Biblioteca 24 de outubro



Felicitación para a nosa
biblioteca

O día 24 de outubro vense celebrando o Día da Biblioteca, iniciativa que xorde da Asociación Española de Amigos do libro Infantil e Xuvenil no ano 1997. Con esta celebración deste día preténdese difundir a existencia dun servizo público de proximidade ao cidadán que contribúe de xeito eficaz a facilitar o acceso ao coñecemento a todos os cidadáns.

Son moitos os obxectivos que se pretenden acadar coa celebración deste día, pero un dos máis salientables é “dar a coñecer á poboación a existencia das distintas bibliotecas públicas, escolares e hospitalarias, e informar sobre os recursos existentes e as súas diferentes posibilidades de uso”.

Nós, para conmemorar este día, levamos a cabo as seguintes actividades:

***“Os amigos de Ler, Compartindo un libro”**

QUE LEDICIA...!!! QUE MOMENTO...!!!. O alumnado de 6º foi buscar aos nen@s de tres anos a súa aula para acompañalos e ensinalles a biblioteca. Os pequenos elixiron un conto e os maiores leron para eles...O resto....xa o vedes.



COMO DISFRUTARON TODOS!!!! TANTO OS MÁIS PEQUERRECHOS COMO OS GRANDULLÓNS DE 6º DE PRIMARIA

Rematamos esta bonita actividade coa entregas de carnés de biblioteca aos futuros lectores.



ORGULLOSOS E FACHENDOSOS OS “AMIGOS DE LER” FIXERONLLE ENTREGA DOS FLAMANTES CARNÉS AOS ALUMN@s DE 3 ANOS.



Participamos nun concurso de debuxo para a confección duns marcapáxinas a proposta da coordinadora da biblioteca municipal.

Os gañadores foron 4 alumn@s do cole, un por ciclo. Os seu debuxos serviron para ilustrar os marcapáxinas. Tanto o alumnado como o profesorado, recibiu un exemplar. Dámoslle as grazas aos responsables da Biblioteca municipal por contar con nós.

Gañadores:

Alba García Breijo -EI

Ismael Yáñez Breijo -1º EP


Celia Díaz Alves-3º EP

Mónica Leonor Rodríguez Blanco-6º EP




***Semana de Samain/Hallowe´en**

Exposición de títulos relacionados co medo, terror nun espazo dedicado a tal fin.



As pegadas que nos levaron ao rincón dos contos de terror....





**Tamén participamos na actividade
Lectura de Relatos de Terror, actividade
compartida co equipo de ENDL.**

Semana dos Dereitos dos Nenos

**Exposición de títulos relacionados con
esta temática para todos aqueles lectores
que estean interesados.**



NOVIDADES!!!!

**Esperámosvos!!!!
Seguro que vos gustarán!!!!**

Multileo



Lecturas compartidas.



Na **biblioteca escolar** os días 11 e 14 de novembro celebramos unhas xornadas de lecturas compartidas, onde os alumnos dunhas clases lían as creacións literarias creadas con motivo do Samaín e Magosto, ao alumnado doutras clases.

- ❖ Os alumnos de 6º de primaria leron para os nenos e nenas da clase dos bufos (infantil de tres anos) as historias: "O fantasma Nicolás", "O Monstro", "A Bruxa Bruxeira", "A cidade monstruosa de Cariño" e "As cabazas mutantes".



Obradoiro.

QUEN É PETER CALLESEN?

Soubemos dun artista nado en Dinamarca (terra de vikingos), que é escultor do papel: **Peter Callesen**.

Recorta as siluetas dos debuxos que fai (non de todo), e as levanta do papel. Parece que saen do folio e o fondo que deixan semella a súa sombra. Ollade algunha das súas obras con folios A4, tesoiras e coitela especial papel.



BAILADORA



ÁRBORE



BOLBORETAS



BOTANDO UNHA MAN

Realizou centos de traballos, todos eles moi orixinais e creativos, que se poden ver na súa páxina web: <http://www.petercallesen.com/>
Nós quixemos probar se a técnica era doada, pero vimos que ten a súa complicación.. É un traballo delicado e minucioso.

Mans á obra..



Coloreamos



Recortamos



Pegamos nun fondo




Así quedaron

Todos e todas fixemos a nosa obra coas bolboretas.
Probaremos outros deseños diferentes..

Alumnos e alumnas de 2ºA

Pasatempos.

Busca 7 diferenzas





Atopa na sopa de letras 9 palabras relacionadas co Nadal.

P	S	A	E	D	A	Z	I	M	A
A	O	G	T	U	O	P	T	R	R
P	G	A	U	R	E	R	O	A	E
Á	A	S	R	R	A	S	T	M	A
N	M	A	R	O	R	I	C	O	Á
O	S	L	Ó	I	C	O	B	R	R
E	I	L	N	I	A	S	F	E	B
L	E	O	L	U	T	E	H	I	O
E	R	E	G	A	R	O	S	E	R
I	F	A	M	I	L	I	A	A	E


Para pensar ...

Podes contar as patas do elefante?

Os círculos de dentro son iguais ?







Que número está oculto?




Podes atopar o gato entre tanto moucho?

O ESPIGONCIÑO



SAMUEL 2016



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística